



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 17 DE MARZO DE 2023. (EXPEDIENTE 2023/G010/000002).**

No salón de Plenos da Casa do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, a secretaria Dna. Marta Vázquez Garea e o interventor municipal D. Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

**Señores asistentes:**

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP).

Concelleiros:

Asisten:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP).

D. Jesús Souto Pena (PP).

Dna. Patricia Bello Canedo (PP).

D. Xosé Alberto Blanco Veiga (PP).

Dna. Rocío López Rey (PP).

D. Ramiro Bello Recouso (PP).

Dna. Begoña Domínguez Patiño (PP).

Dna. Adelina Liste Monelos (PP).

D. Pablo Cambón Bértoa (PP).

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE).

D. José Martínez Ageitos (PSOE).

Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE).

D. Xoán Manoel Sande Muñiz (BNG).

Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG)

Non asisten.: Dna. Cristina Vieites Calvo (PP) e Dna. María Pilar Neira Martínez (PSOE).

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión.

Na convocatoria da sesión existe un erro de transcripción no primeiro punto da Orde do Día, o cal se dá por correxido.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO - SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2023.**

Dáse conta da proposta de alcaldía ditaminada na sesión extraordinaria da Comisión de Facenda do 14 de mazo de 2023.

Na quenda de intervencións a voceira do BNG pon de manifesto que van a votar no mesmo sentido que na Comisión.

A voceira do PSOE pregunta porque hai unha partida de 4000 euros para a pista de skate, ao que o alcalde responde que é unha obra que ven do 2021. É parte do gasto xa prevista, pero quedou sen certificar.

A voceira do PSOE indica que celebran a partida dedicada á plataforma da venda on line porque “xa a trouxemos aquí”. O alcalde responde que aínda non se sabe exactamente o proxecto. Que esta partida é para redactalo.

O alcalde realiza outras aclaracións sobre as partidas incluídas na modificación de crédito, como a nova fase do CEIP Otero Pedraio, a adquisición das Torres de Cillobre, actividades de cultura e deportes e melloras no paseo de Caión.

Rematadas as intervencións e considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, e por unanimidade de todos os concelleiros presentes, o PLENO **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario-suplemento de crédito 01-2023), considerando que se trata de necesidades urxentes e inaprazables, e tendo en conta a Liquidación do Orzamento do Concello do ano 2022 da que resulta un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais positivo co que se financia a modificación, acrecentando en 447.739,39 euros e dotando de crédito por 143.881,07 euros nas aplicacións orzamentarias que se detallan:

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

APLICACIÓN		INCREMENTO PROPOSTO (en euros)	DESCRICIÓN
342	22609	62.000,00	Instalacións deportivas, actividades
334	22609	92.500,00	Promoción cultural, actividades
340	13100	5.000,00	Administración xeral do deporte, persoal laboral
151	22706	30.000,00	Urbanismo, estudos e traballos técnicos
453	61900	156.000,00	Estradas, outros investimentos de reposición
160	61900	25.840,00	Abastecemento de auga, outros investimentos de reposición
170	61900	30.000,00	Medio ambiente, outros investimentos de reposición
1532	61900	36.399,39	Vías públicas, outros investimentos de reposición
433	22706	10.000,00	Desenvolvemento empresarial, estudos e traballos técnicos



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....447.739,39 €**  
**CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

APLICACIÓN		INCREMENTO PROPOSTO (en euros)	DESCRIPCIÓN
342	64100	2.000,00	Instalacións deportivas, aplicacións informáticas
342	62300	6.000,00	Instalacións deportivas, mobiliario
334	62300	7.500,00	Instalacións deportivas, maquinaria, instalacións e utillaxe
336	60000	54.000,00	Patrimonio histórico artístico, investimentos en terreos
323	63200	10.000,00	Centros docentes, investimentos de reposición en edificios
323	61900	60.000,00	Centros docentes, outros investimentos de reposición
342	60900	4.381,07	Instalacións deportivas, outros investimentos de reposición

**TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO.....143.881,07 €**

**FONTES DE FINANCIAMENTO:**

**REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 591.620,46 €**

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles o expediente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

**TERCEIRO.-** Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

**CUARTO.-** Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

**QUINTO.-** Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DO ANO 2022**

Dáse conta da Resolución de alcaldía nº 316/2023 de 7 de marzo de 2023 pola que se aproba a liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico de 2022.

Non hai intervencións ao respecto.

**REMATE DA SESIÓN.-**

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 13:37 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, a secretaria, dou fé.

A secretaria,

O alcalde,